



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PANTÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ACTUACIÓNS DE URBANIZACIÓN NOS PEARES

En Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, José Luis Álvarez Blanco, alcalde do Concello de Pantón, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscripción de convenios.

TERCEIRO.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración Local atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas Entidades Locais.





CUARTO.- Que, segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que os cidadáns galegos teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e converténdoo en motor do desenvolvemento económico rexional.

QUINTO.- O Concello de Pantón expuxo a necesidade de executar o proxecto denominado Actuacións de urbanización nos Peares que ten por obxecto a realización de obras de acondicionamento en diversos lugares do concello, co fin de dar solución ao deterioro do acceso pola ponte ao núcleo do Torrón, co ensanchamento da beirarrúa e retirada dunha árbore e o recubrimento da rede de saneamento.

Estas obras de acondicionamento resultan imprescindibles para manter en bo estado a vía e garantir deste xeito a prestación dun servizo básico para os veciños residentes no concello.

Pola súa banda, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados, un apoio especialmente necesario neste caso considerando as especiais circunstancias do Concello de Pantón que veñen incidir nun contexto dun escenario orzamentario fortemente restritivo do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do concello para afrontar os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na remodelación da planta segunda da casa do concello co fin de permitir o normal desenvolvemento dos servizos municipais, sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Pantón.

SEXTO.- Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Pantón, no que se fai preciso que o concello conte coas instalacións municipais necesarias para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas, de xeito que posibilita a prestación dos servizos municipais á veciñanza.



SÉTIMO.- O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVO.- Así, co fin de materializar a cooperación antes descrita, e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acorda subscribir o presente convenio de cooperación co Concello de Pantón para a execución do proxecto denominado "Actuacións de urbanización nos Peares", de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Pantón para a execución do proxecto denominado "Actuacións de urbanización nos Peares", cun orzamento total de 6.997,91 €, segundo memoria valorada do mesmo título redactada polo arquitecto Marcos Sánchez López, en xaneiro de 2016, cuxo orzamento se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.


SEGUNDA.- Obrigas do Concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Pantón:

1. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
 - b. No caso de se realizar pagamentos anticipados e a entidade beneficiaria non presentase a xustificación da subvención no prazo e na forma previstos na cláusula quinta deste convenio.



- c. Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento efectivo nos termos establecidos na cláusula oitava deste convenio.
 - d. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - f. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - g. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
5. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
6. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.





TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de cooperación, mediante a achega máxima de CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E OITO CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (5.598,33 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088). Esta cantidade representa o 80% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

CUARTA.- Gastos subvencionables


Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorra o concello para a execución do proxecto obxecto do convenio; inclúense aqueles gastos que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.


Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, non obstante no caso de realizarse pagamentos anticipados considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula quinta

QUINTA. Conta xustificativa

Para percibir o importe restante da subvención ou o que corresponda no caso de non solicitar o seu pagamento anticipado, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Pantón deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.
- b) Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:





1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 4. De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.
- d) Declaración responsable na que se faga constar que a entidade local non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
-  Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- e) Nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, copia compulsada da resolución de adxudicación da obra onde quede acreditado o cumprimento do establecido no segundo parágrafo do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- f) No caso de que o concello opte por solicitar o pagamento anticipado e se conceda, a conta xustificativa incorporará:
- As certificacións de obra e facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que fai referencia o punto 2 da letra b) desta cláusula quinta



- Documentación acreditativa do pagamento da totalidade das actuacións con anterioridade á finalización do período de xustificación, mediante copia de transferencia bancaria que deberá estar debidamente identificada, selada pola entidade bancaria e asinada polo concello beneficiario.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola entidade beneficiaria das subvencións.

- g) No suposto de obras realizadas con medios propios pola entidade local beneficiaria, achegarase a seguinte documentación adicional:

- A certificación do apartado b) conterá ademais unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe.
- Unha certificación emitida polo/a secretario/a-interventor/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto subvencionado.



Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención na contía que corresponda a cada anualidade.

A data límite para executar o proxecto subvencionado e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 31 de outubro de 2016.

SEXTA . Perda do dereito ao cobramento da subvención

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:

- a) Non presentar toda a documentación xustificativa en tempo e forma, de conformidade co previsto na cláusula quinta deste convenio.
- b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando a



baixa sobre o orzamento inicial implique unha execución deste orzamento inferior ao 60%.

- Non solicitar e obter o mínimo de 3 ofertas esixidas polo artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e a falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.
- O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.

A perda do dereito ao cobramento será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunha das actuacións que integran o proxecto ou ás anualidades en que se distribúe a subvención.

SÉTIMA.- Subcontratación parcial ou total.

Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio o Concello de Pantón poderá subcontratar parcial ou totalmente a actividade ou investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

OITAVA. Efectividade dos pagamentos

Para os efectos deste convenio, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. O concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante xustificante orixinal de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula quinta, letra b).2, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificada e selada pola entidade bancaria.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

NOVENA. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.



No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11º da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.

Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.

Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

DÉCIMA .- Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.


Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

DÉCIMO SEGUNDA.-Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Dirección Xeral de Administración Local e un representante do concello.



A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Proposta, de ser o caso, de adendas
- Coordinación das funcións de ambas as dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

DÉCIMO TERCEIRA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute ou xustifique o investimento obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Vixencia do Convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2016.

DÉCIMO QUINTA.- Natureza do Convenio




O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEXTA. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.





DÉCIMO SÉTIMA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.


E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

O alcalde do Concello de Pantón

Alfonso Rueda Valenzuela

José Luis Álvarez Blanco



ANEXO I - ORZAMENTO

Presuposto de execución material

nº 1 ARRANXO DE ACCESO	1.200
	1.860
nº 2 ENSANCHE DE BEIRARRUA	
	1.800
nº 3 RECUBRIMENTO DE REDE DE SANEAMENTO	
Total.....:	4.860

Ascende o presuposto de execución material á expresada cantidade de CATRO MIL OITOCENTOS SESENTA EUROS.

BI+GG 19%	Total.....:	923,40
TOTAL	Total.....:	5.783,40
IVE 21%	Total.....:	1.214,51
SUMA TOTAL	Total.....:	6.997,91

